

Recomendación dirixida ao Concello de Lourenzá referente a problemas de accesibilidade

Expediente: G.6.Q/9016/21

Relacionado co Q/7532/21

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2022

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de ... referente a problemas de accesibilidade no Concello de Lourenzá.

#### ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que no aparcamento reservado non hai suficiente espazo para baixar do vehículo; unhas xardineiras impiden ou dificultan o uso. A porta traseira do vehículo non se pode abrir e a praza non está conectada a zona, como o indica a norma. Antes accedían directamente á zona peonil e non había ningún atranco. Ademais, unha rampla de acceso non cumpre a normativa; as oficinas dos servizos sociais non son accesibles; o salvaescaleiras non atópase operativo; e o salón de actos tamén é inaccesible.

2. Ante iso requirimos información ao Concello de Lourenzá, que nola remitiu.

Á vista do informado de novo dirixímonos ao concello para requirir que con urxencia facilitara aclaracións. Sinala o seguinte:

*"... no informe do arquitecto técnico municipal de 12/08/2021, que lles foi achegado no seu día, consta literalmente:*

*"O acceso desde a praza ao edificio realízase a través de rampla con pendente adecuada e pavimento de loxas de pedra de forma regular debidamente xuntadas. Interiormente o edificio ata as escaleiras, que é onde se atopa a plataforma salvaescaleras, ten pavimento de loxas debidamente xuntadas. O acceso ata o arranque das escaleiras non presenta dificultades para persoas de mobilidade reducida.*

*Por todo iso conclúese que aínda que hai un acceso que ten un pavimento non idóneo para persoas con minusvalía, existe outro acceso que non presenta dificultades e en canto ao aparcamento reservado para persoas con mobilidade reducida ten dimensións suficientes e non presenta outras limitacións. As xardineiras a que fai referencia o escrito son límites da praza.*

*Igualmente remítome á Acta dá Consellería de Política Social, indicando que por esta Alcaldía procederase, tal e como se sinala na mesma, a verificar que as xardineiras non dificulten a saída das persoas do vehículo estando correctamente instaladas así como a estudar a posibilidade de executar algunha actuación para favorecer a mellorar accesibilidade, sendo consciente das dificultades que entraña as características do edificio.*

*Por outro lado e tendo en conta ou feito de que non haxa acceso no edificio polo que se refire ó ascensor e debido a súa singularidade, por esta Alcaldía infórmase que, na actualidade, todos os expedientes relacionados coas tarxetas de aparcamento tramítanse no edificio onde están situadas as oficinas de Servizos Sociais, onde existe ascensor e polo tanto acceso para persoas con mobilidade reducida.*

#### ANÁLISE

1. O técnico avala o adecuado da rampla, e que os servizos sociais teñen ascensor, polo que poden facerse as xestións que se demandan, incluída a xestión das tarxetas para aparcamento reservado para persoas con mobilidade reducida.

2. Porén, non se aclara que o relativo a plataforma salva-escaleiras e nin as condicións das prazas reservadas.

Debe aclararse se a plataforma salva-escaleiras se atopa operativa.

No que se refire ás prazas, o ente local indica que ás xardineiras son o límite da praza e que a alcaldía verificou que non dificultan a saída das persoas do vehículo, estando correctamente instaladas. Pero non aclara que as posibilidades de uso sexan acordes coa normativa. O anterior debería ser aclarado a través de informe técnico no que se indiquen non só as dimensións das prazas, senón tamén que cumpren o resto das súas condicións regulamentarias (espazo de saída e acceso á vía peonil), con indicación concreta das súas características. E, no seu caso, deberan producirse as adaptacións razoables que se deduzan.

3. As demais cuestións relativas á accesibilidade e as adaptacións razoables das instalacións municipais nun edificio das características sinaladas (BIC) deberan ser determinadas polos técnicos municipais e no seu caso pola Comisión Técnica de Accesibilidade.

4. A Convención Internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade sinala entre os seus principios a autonomía persoal e a independencia das persoas, a participación e inclusión plenas e efectivas na sociedade, a igualdade de oportunidades e a accesibilidade. Obriga aos estados partes a adoptar todas as medidas legislativas, administrativas e doutra índole que sexan precisas para facer efectivos os dereitos que reconece.

A Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social (Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro) tamén establece como principios a vida independente e a accesibilidade universal.

5. A persoa promotora da queixa demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que obriga aos poderes públicos a realizar unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración das persoas con discapacidade física, psíquica e sensorial, ás que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que o Título I outorga a todos os cidadáns (art. 49).

### CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese Concello de Lourenzá, a seguinte recomendación:

*Que se aclare por medio de informe técnico a configuración regulamentaria das prazas reservadas para persoas con mobilidade reducida, de tal forma que permitan a adecuada baixada do vehículo e o acceso á zoa peonil, e que o salva-escaleiras funciona adecuadamente; e que no seu caso se dean as adaptacións razoables.*

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes de conta da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdao atentamente.

M<sup>a</sup> Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo